

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 06/03/2020 14:08:52
SAIDA 3141/20

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 3/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 7 de decembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito do 7 de decembro de 2019, remitido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que tivo entrada con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 2 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 28 de novembro de 2019, pola que se lle concede o acceso á relación de aprobacións de proxectos de voadura das instalacións do Porto Exterior da Coruña en Punta Langosteira emitidas dende o ano 2012.

O reclamante solicitou con data do 11 de outubro de 2019, acceso ao expediente do 2 de outubro de 2019, polo que se aprobou o proxecto de voadura así como ás anteriores



aprobacións da Xefatura Territorial da Coruña, para o Porto exterior da Coruña en Punta Langosteira.

O escrito viña acompañado da súa solicitude e copia da reclamación presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de xaneiro de 2020, sen que se recibise informe sobre a reclamación presentada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria ditou a resolución impugnada con data do 28 de novembro de 2019, e o interesado interpuxo a súa reclamación con data do 7 de decembro de 2019, segundo consta no oficio remitido pola Xefatura Territorial, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

O dereito dos cidadáns de solicitar, aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia, calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso, o interesado solicitou acceso ao expediente do 2 de outubro de 2018, polo que se aprobou o proxecto de voadura así como ás anteriores aprobacións da Xefatura Territorial da Coruña, para o Porto exterior da Coruña en Punta Langosteira. A Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, do 28 de novembro de 2019, contra a que presenta a reclamación, se lle remite unha relación de aprobacións de proxectos de voadura das instalacións do Porto Exterior da Coruña, pero non se lle concede o acceso ao expediente do 2 de outubro de 2018, nin se xustifican os motivos polos que, sendo a resolución de concesión da información, na práctica, se lle esta denegando o acceso a unha parte da información solicitada.

Pola Comisión da Transparencia solicítouse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe sobre a reclamación presentada, sen que se recibira contestación.

A Comisión non ten información sobre o contido do expediente sobre o que se solicita acceso, , en que medida poden verse afectados por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, ou en que medida podería darse, de ser o caso, a información despois de disociala para garantir o dereito de acceso a información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da Lei 19/2013).

Dada a falta de alegacións en contra por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en beneficio do interese público ao acceso á información pública non afectada por límite legalmente previsto, debe darse acceso ao expediente solicitado, aínda que con carácter previo debe examinarse o mesmo e, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

Debe lembrarse así mesmo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a súa obriga, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, de remitir a esta Comisión os informes que se lle soliciten para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 7 de decembro de 2019, contra a Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 28 de novembro de 2019, pola que se lle concede o acceso á relación de aprobacións de proxectos de voadura das instalacións do Porto Exterior da Coruña en Punta Langosteira emitidas dende o ano 2012.

Segundo: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da resposta e no seu caso da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente
 por 76706870F
MARIA MARIA DOLORES
DOLORES FERNANDEZ (R:
 S6500009C)
FERNANDEZ Fecha: 2020.03.06
(R: S6500009C) 09:31:18 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.